4º ANO CON ROSALÍA

10 de marzo de 2009

Programa

1.PRESENTACIÓN. ROSALÍA: UNHA PRECURSORA FEMINISTA

2.ROSALÍA EN VIVO: DA ILUSIÓN XUVENIL Á MADUREZ

3.RECITAL DE POESÍA E LECTURA DE TEXTOS DA AUTORA

PRESENTACIÓN: Jenifer Lema Piñeiro e Noelia Blanco
ROSALÍA:Amanda González-Belén Rojas-Iolanda Sánchez-Dores Cao

1.ROSALÍA: UNHA FIGURA DEFORMADA:

Logo da morte de Rosalía, na miseria económica, na crítica despiadada ou no silencio, foise tecendo unha imaxe distorsionada que a presentou como A SANTIÑA ou A CHORONA, unha coitada non moi culta que escribía porque lle mandaba ou lle ditaba o seu marido, Murguía, ou unha simple romántica rezagada. En fin, unha pobre aldeá galega metida a poeta, que escribía á súa maneira rural e simplísima. En realidade, foi Rosalía unha muller culta, cunha formación moi superior á de calquera muller da época. Falaba francés, lía obras de filosofía, relacionábase coa intelectualidade galega e mesmo coa intelectualidade española máis importante da época. Máis que esa santiña simplona, foi Rosalía unha autora con criterios propios e contestataria, posuidora dun rexo carácter e dunha clara vontade de ser escritora, moi consciente do que facía cando rompía a mantenta os moldes literarios, idiomáticos, ideolóxicos e temáticos dominantes.

Non esquezades que Rosalía foi precursora e pioneira de correntes de pensamento social e político, tanto no feminismo como no anti–capitalismo. Razóns polas que en vida recibiu tantos ataques, sufriu fracasos, ou mesmo foi relegada á marxinación e ao abandono: non respondía ao canon de muller sumisa da época, que consagrase os seus versos ao amor romántico, á relixión ou aos costumes. Os ataques que chegou a recibir en vida foron durísimos, ben do estamento eclesiástico, ben de intelectuais do seu tempo. Ademais, na época que lle tocou vivir, antes ca nada era esposa e nai, e logo literata, unha profesión pouco remunerada que non lle permitía vivir do seu traballo e morreu na máis absoluta miseria e abandono. Ela, cunha sensibilidade aguda ante a marxinación e a opresión, foi marxinada, oprimida, silenciada e só anos despois de morta sería recoñecida.

UN PERCORRIDO POLO QUE FOI A MIÑA VIDA:

ROSALÍA NENA-MOZA: AMANDA

Xa sabedes que vin ó mundo un 24 de febreiro de 1837 e na partida de nacemento figuro como filla de pais incógnitos. Incógnitos? Meu pai era capelán, Xosé Martínez Viojo miña nai, unha fidalga empobrecida, María Teresa de Castro. Bautizárome no Hospital Real, agora Hostal dos Reis Católicos, aínda podedes ver a miña pía bautismal. Eu crieime en Ortoño coa miña tía Mª Francisca, e coas visitas da miña querida nai. Foron elas as que acudiron comigo sendo eu moi nena e delicada de saúde, a Iria, co fin de sacarme adiante, deitándome nunha tumba, pronunciando palabras máxicas e deixando a roupa que levaba para pórme unha tan nova, como a saúde ou a vida que tornaba.Alí comecei a falar na doce fala nosa, medrei con cantares, contos e tradicións. Tamén pasaba tempadas coa miña nai en Padrón e fun das privilexiadas ás que se me permitiu, sendo muller, ter unha boa educación: francés, piano, canto, guitarra, deseño, teatro... Asistía ao Liceo de San Agustín e alí protagonicei pezas teatrais sendo moi aplaudida. Compartía tertulias con Pondal ou Aurelio Aguirre.
Con dezaseis anos estiven na casa dos Pondal en Ponteceso para acudir á romería da virxe da Barca. Invitárame Eduarda Pondal e ambas sufrimos tifo. A miña amiga non se recuperaría e a miña saúde quedou debilitada. O vivido en Muxía serviríame para ambientar a novela *La hija del mar* ou o poema "A romaría da Barca".
Compostela era daquela unha cidade moi pequena, con moitas faladurías e poucas opcións para unha moza inqueda, con grandes aspiracións intelectuais. Así que con moita insistencia convencín a miña nai para poder abrirme camiño e con dezanove anos:
Funme para Madrid.

ROSALÍA XOVE: BELÉN

Madrid, a lonxanía da miña terra, as grandes ilusións, os proxectos que se foron concretando, o meu primeiro poemario: *La flor*, en castelán. Canta ilusión! Que feliz me fixo acariñar nas miñas mans o meu ansiado libro. *La flor* uniume ao meu Manuel. Si, a Murguía, que vivía naquela cidade e louvou os meus versos, dicindo ademais no xornal *La Iberia* que non me coñecía para que as súas verbas afervoadas non puidesen levar aos lectores a crelas influídas pola amizade. Unha piadosa mentira que ocultaba o noso intenso romance , un amor único que culminou en casamento. Tiña el 25 anos e eu 21. Son unha moza, teño moita enerxía, pero canto non sufrín e chorei pola oposición dos seus pais, que non asistiron á nosa voda!
Aos sete meses do casamento naceu a miña querida Alexandra, un raio de luz na miña vida. Canto nos queremos as dúas e que ben o pasamos xuntas. Pero a vida, ese camiño de rosas e espiñas non escatimou nunhas nin noutras. Comezaron tempos duros: as dificultades económicas, a morte da miña adorada nai en 1862. Cantas lágrimas, nai, canto te boto en falta! Como me gustaría poder abrazarte e durmir no teu colo! Logo ese constante ir e vir, seguindo os destinos laborais de Murguía. A lonxanía da terra galega levoume á morriña, a unha tristeza que me ía consumindo desde Madrid, a Mancha, Extremadura, Simancas... funme murchando.

ROSALÍA ADULTA: IOLI

Con 32 anos revivín, naceu a miña Aura. Lembras querida Alexandra? Como me axudaches, miña querida nena, parecías unha pequeniña nai. Tres anos despois chegaron os xemelgos Ovidio e Gala. Xa tiñamos catro fillos. Non levaba nada ben os embarazos que ían debilitando a miña endeble saúde. Pero o destino ou a falta de medios preventivos trouxéronme a Amara, Adriano e Valentina, a miña nena que non abriu os ollos, naceu o seu corpiño sen vida. Pero iso non foi todo, aínda tiven que sufrir inmensamente porque Adriano cae dunha mesa, antes de cumprir os dous anos, e falece. Esgotáronseme as bágoas, crin que non era quen de recuperarme, pero tiña que seguir, porque vós, meus amados fillos, precisádesme e unha nai, aínda rota, é quen de vivir por vós.
Pero os meus males da alma cheganme por moitas frontes: as miñas obras, que me resulta sempre difícil de conseguir a edición, a lónxanía da miña terra, as dificultades económicas, a marxinalidade, as críticas e o desdén doutros e doutras intelectuais... Si, vou cansa e desexo vivir cos meus seres queridos na miña querida terra. Deixo Madrid con trinta e seis anos e consigo residir, xa para sempre, na miña terra, na Coruña, en Santiago en Lestrove e....

DESENLACE: DORES

E voltei á casa da Matanza en 1884, xa enferma do cancro que iría consumíndome lentamente. Rodeada do amor de Murguía e dos meus fillos, conseguín o último desexo: ver o mar, levárome a Carril e logo, na penuria económica que acompañou a miña vida e na incomprensión, mandei a miña filla da alma, Alexandra, queimar canta obra e escrito tiña inédito. Intentaron convencerme de deixalos, pero non o lograron e o lume apagou moitas das miñas palabras. Entendédeme: logo do traballo infatigable, víame na extrema pobreza, atacada, marxinada, abandonada pola intelectualidade da época, así que é comprensible que convertira en cinza os orixinais, desolada como estaba. No Cemiterio da Adina atopei repouso e logo de xuntaren os galegos emigrados en Cuba, sempre solícitos comigo e cos meus, para o panteón de Santo Domingo, organizouse o traslado dos meus restos a Compostela, o 25 de maio de 1891. Non podo esquecer que a xerarquía eclesiástica Compostelá chegou a negar o permiso para celebrar as exequias na miña honra no recinto catedralicio, logo de facer todo o posible para impedir o meu traslado.

FIN…….

RECITAL DE POESÍA E OUTROS TEXTOS

1

"Has de cantar,
que che hei de dar zonchos;
has de cantar,
que che hei de dar moitos.

"Has de cantar,
meniña gaiteira;
has de cantar,
que me morro de pena.

Canta, meniña,
na veira da fonte;
canta, dareiche
boliños do pote.

Canta, meniña,
con brando compás,
dareiche unha proia
da pedra do lar.

Canta, si queres,
na lengua que eu falo.
Dareiche un mantelo.
Dareiche un refaixo.

Co son da gaitiña,
co son da pandeira,
che pido que cantes,
rapaza morena.

Co son da gaitiña,
co son do tambor
che pido que cantes,
meniña, por Dios".

Así mo pediron
na beira do mar,
ó pe das ondiñas
que veñen e van.

Así mo pediron
na beira do río
que corre antre as herbas
do campo frorido.

Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.

Lugar máis hermoso
no mundo n'hachara
que aquél de Galicia.
¡Galicia encantada!

¡Galicia frolida!
cal ela ningunha,
de froles cuberta,
cuberta de espumas.

Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na beira do mare.

Cantarte hei, Galicia,
na lengua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.

Mimosa, soave,
sentida, queixosa,
encanta si ríe,
conmove si chora.

Que así mo pediron,
que así mo mandaron,
que cante e que cante
na lengua que eu falo.

Que así mo mandaron,
que así mo dixeron…
Xa canto, meniñas.
Coidá, que comenzo.

Cantares gallegos

2 ***Só cantos de independencia e liberdade balbuciron os meus labios, aínda que ao redor sentise, desde o berce xa, o ruído das cadeas que debían aprisionarme para sempre, porque o patrimonio das mulleres son os "grillos" da escravitude. Eu, sen embargo, son libre, libre como os paxaros, como o vento*** ***Lieders***

3

Tecin soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar.
Nin na fonte nin no prado,
así morra coa carrax,
el non ha de virme a erguer,
el xa non me pousará.

¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás…;
ferve o pote…, mais, meu caldo,
soíña te hei de cear.
Cala, rula; os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soidás.

O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai…
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,
ven e dime en onde está.

Follas novas

4 ***Se eu fose home, sairía a pasear neste momento e dirixiríame a un monte, pois o día está soberbio; teño, sen embargo, que resignarme a permanecer encerrada no meu gran salón. Carta a Murguía***

5

Adiós ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos,
adiós vista dos meus ollos
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra onde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que plantei.

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento.

Muíño dos castañares
noites claras de luar,
campaniñas timbradoras
da igrexiña do lugar.

Amoriñas das silveiras
que eu lle daba ao meu amor,
camininos entre o millo,
¡adiós para sempre, adiós!

¡Adiós gloria! ¡adiós contento!

¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conoso
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero…
¡Quen puidera non deixar!....

Mais son pobre e ¡mal pecado!
a miña terra n'é miña,
que ata lle dan de prestado
a beira por que camiña
ao que naceu desdichado.

Téñovos, pois, que deixar,
hortiña que tanto amei,
fogueiriña do meu lar,
arboriñas que plantei,
fontiña do cabañar.

Adiós, adiós que me vou,
herbiñas do camposanto
onde meu pai se enterrou,
herbiñas que biquei tanto;
terriña que nos criou…

Adiós Virxe da Asunción,
branca como un serafín,
lévovos no corazón:
pedídelle a Dios por min,
miña Virxe da Asunción.

Xa se oen lonxe, moi lonxe
as campanas do pomar,
para min ¡ai! coitadiño,
nunca mais han de tocar.

Xa se oen lonxe, máis lonxe…,
cada balada é un dolor,
voume soio, sen arrimo…
Miña terra, ¡adiós! ¡adiós!

¡Adiós tamén, queridiña…,
adiós por sempre quizais…!
Dígoche este adiós chorando
desde a beiriña do mar.

Non me olvides, queridiña,
se morro de soidás…
tantas leguas mar adentro…
¡miña casiña, meu lar

Cantares gallegos

6 *Permítase á muller desculparse do que para moitos será un pecado inmenso e indigno de perdón. (…) O que teña a paciencia de chegar ata o fin… esqueza que a súa autora é unha muller. Porque aínda non lles é permitido ás mulleres escribir o que senten e o que saben.* ***La hija del mar***

7

Castellanos de Castilla,
tratade ben aos gallegos;
cando van, van como rosas,
cando vén, ven como negros.

Cando foi ía sorrindo,
cando veu viña morrendo,
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.

Aquel máis que a neve branco,
aquel de dozuras cheo,
aquel por quen eu vivía
e sen quen vivir non quero.

Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo.
¡Castellanos, castellanos,
tedes corazón de ferro!

¡Ai!, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.

Morreu aquel que eu quería,
e para min non hai consuelo:
solo hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.

Permita Dios, castellanos,
castellanos que aborrezo,
que antes os gallegos morran
que ir a pedirvos sustento.
Pois tan mal corazón tedes,
secos fillos do deserto,
que se amargo pan vos gañan,
dádesllo envolto en veneno.

Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheos,
e volven, ¡ai!, sen ventura,
con un caudal de desprezos.

Van probes e tornan pobres,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.

¡Castellanos de Castilla,
tedes corazón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sen entranas o peito!

Cantares gallegos

8 ***Non, mil veces non, Eduarda; alonxa de ti tan fatal tentación, non publiques nada e garda para ti soa os teus versos e a túa prosa, as túas novelas e os teus dramas (…) ti non sabes o que é ser escritora. Selo como Jorge Sand vale algo; pero selo doutro modo ¡que continuo tormento!, pola rúa sinálante constantemente e non para ben, e en todas partes murmuran de ti. Las literatas***

9

¿Por qué, miña almiña,
por qué ora non queres
o que antes querías?

¿Por qué, pensamento,
por qué ora non vives
de amantes deseios?

¿Por qué, meu esprito,
por qué ora te humildas,
cando eras altivo?

¿Por que, corazón,
por qué ora non falas
falares de amor?

¿Por qué xa non bates
co doce batido
que calma os pesares?

¿Por qué, en fin, Dios meu,
a un tempo me faltan
a terra i o ceu?

¡Ou ti, roxa estrela
que din que comigo
naciche, poideras

por sempre apagarte,
xa que non pudeche
por sempre alumarme…!

Follas novas

10 ***Se vas á tertulia e falas de algo que sabes, se te expresas sequera nunha linguaxe algo correcta, chámanche bachiller, din que te escoitas ti mesma, que o queres saber todo. Se gardas unha prudente reserva, ¡que altiva!, ¡que orgullosa!, négaste a falar se non é con literatos. Se te fas a modesta por non entrar en absurdas desputas, deixando pasar desapercibidas as cuestións con que te provocan, din: onde está o teu talento?; nin sequera sabes entreter á xente cunha amena conversa. Se che agrada a sociedade, pretendes lucirte, queres que se fale de ti. Se vives apartada do trato de xentes é que fas a interesante, estás tola, o teu carácter é insoportable.*** ***Las literatas***

11

DE BALDE…
Cando me poñan o hábito,
si é que o levo;
cando me metan na caixa,
si é que a teño;
cando o responso me canten,
si hai con que pagarlle ós cregos,
e cando dentro da cova…
¡Que inda me leve San Pedro
se só ó pensalo non río
con unha risa dos deños!
¡Que enterrar, han de enterrarme
anque non lles den diñeiro…!

Follas novas

12

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Dóiome de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
i hoxe teño media vida.

Sólo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaron, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron…
De pena me consumiron.

Cantares gallegos

13 ***As mulleres poñen en releve ata o máis escondido dos teus defectos e os homes non cesan de dicirche sempre que poden que unha muller con talento é unha verdadeira calamidade, que vale máis casar coa burra de Balaán e que só unha tonta pode facer a felicidade dun mortal varón*** ***Las literatas***

14

Tembra un neno no húmedo pórtico…
da fame e do frío
ten o sello o seu rostro de anxel,
inda hermoso, mais mucho e sin brilo.

Farrapento e descalzo, nas pedras
os probes peíños,
que as xiadas do inverno lañaron,
apousa indeciso;
pois parés que llos cortan coitelos
de aceirados fíos.

Coma can sin palleiro nin dono,
que todos desprezan,
nun corruncho se esconde, tembrando,
da dura escaleira.
E cal lirio se dobra ó secárese,
o inocente a dourada cabesa
tamén dobra, esvaesido ca fame,
e descansa co rostro nas pedras.

E mentras que el dorme,
triste imaxen da dor i a miseria,
van e vén, ¡a adoraren o Altísimo!
fariseios, os grandes da terra,
sin que ó ver do inocente a orfandade
se calme dos ricos
a sede avarienta.

O meu peito ca angustia se oprime:
¡Señor! ¡Dios do ceo!
¿Por qué hai almas tan negras e duras?
¿Por qué hai orfos na terra, Dios boeno?

Mais n'en vano sellado está o libro
Dos grandes misterios…
Pasa a groria, o poder i a alegría…
Todo pasa na terra. ¡Esperemos!

Follas novas

15

Unha vez tiven un cravo
cravado no corazón
i eu non me acordo xa si era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.
Soio sei que me fixo un mal tan fondo,
que tanto me atormentou,
que eu día e noite sin cesar choraba
cal chorou Madalena na Pasión.
"Señor, que todo o podedes
-pedinlle unha vez a Dios-,
daime valor para arrincar dun golpe
cravo de tal condición".

E doumo Dios, e arrinquino;
mais… ¿quen pensara? Despois
xa non sentín máis tormentos
nin soupen que era delor;
soupen só que non sei que me faltaba
en donde o cravo faltou,
e seica, seica tiven soidades
daquela pena…¡Bon Dios!
Este barro mortal que envolve o esprito
¿quen o entenderá, Señor?

Follas novas

16 ***Sobre todo os que escriben e se teñen por graciosos, non deixan pasar nunca a ocasión de dicirche que as mulleres deben deixar a pluma e repasar os calcetíns dos seus maridos, se os teñen, e se non, aínda que sexan os do criado. Cousa fácil era para algunhas abrir o armario e chantarlles diante dos fociños os zurcidos pacientemente traballados, para probarlles que o escribir páxinas non as fai a todas esquecerse dos seus quefaceres domésticos, podendo engadir que os que tal murmuran saben esquecerse, en cambio, de que non naceron máis que para tragar o pan de cada día e vivir como parasitos.*** ***Las literatas***

17

¡PRA A HABANA!
I

Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,

o pote do caldo
i a manta da cama.
Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono soio
coa roupa vestida.
"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
i á Habana me vou…
¡Adiós, adiós prendas
do meu corazón!"

V
Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van,
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non tén pais.
E tes corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viúdas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

Follas novas

18

¿Que pasa ó redor de min?
¿Que me pasa que eu non sei?
Teño medo dunha cousa
que vive e que non se ve.

Teño medo á desgracia traidora
que vén, e que nunca se sabe onde vén.

Follas novas

19

¡SILENCIO!
A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas,
con un mundo de dudas nos sentidos
e un mundo de tormentos nas entrañas,
sentindo como loitan
en sin igual batalla
inmortales deseios que atormentan
e rencores que matan,
mollo na propia sangre a dura pruma

rompendo a vena hinchada
i escribo…escribo…, ¿para que?, ¡Volvede
ó máis fondo da ialma,
tempestosas imaxes!
¡Ide a morar cas mortas relembranzas!
¡Que a man tembrosa no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
¿Dónde quedou velada?

Follas novas

20

A XUSTICIA POLA MAN
Aqués que tén fama de honrados na vila
roubáronme tanta brancura que eu tiña;

botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron en donde eu vivira;

sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos… ¡meus anxos…! Que tanto eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!
Quedei deshonrada, mucháronme a vida,
fixéronme un leito de toxos e silvas,
i en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

-Salvádeme ¡ouh xueces!, berrei… ¡tolería!
De min se mofaron, vendeume a xusticia.
-Bon Dios, axudaime, berrei, berrei inda…
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.
Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pillei a fouciña,
rondei paseniño… ¡Ne as herbas sentían!
i a lúa escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

Mireinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe, ¡dun soio!, deixeinos sin vida.
i ó lado, contenta, senteime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.

I estonces… estonces cumpreuse a xusticia:
eu neles; i as leises, na man que os ferira.

Follas novas

21

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
Tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas;
si choran, es ti que choras;
i es o marmurio do río,
i es a noite, i es a aurora.

En todo estás e ti es todo
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás ti nunca,
sombra que sempre me asombras.

Follas novas

22 ***Decide que o que queredes é vernos escravas e non compañeiras vosas, decide que dun ser que sente e pensa coma vós, queredes facer xoguetes ocos, máquinas que unhas veces rían e outras veces choren, e que, segundo a vosa conveniencia, estean alegres e canten ao ruído das cadeas ou se queixen e choren ao compás dos vosos cantares de esquecemento. (…) As mulleres seguen atormentadas.*** ***Flavio***

23

XAN
Xan vai coller leña ó monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a poda-las viñas,
Xan vai a apaña-lo esterco,
e leva o fol ó muíño,
e trai estrume ó cortello,
e vai á fonte por auga,
e vai á misa cos nenos,
e fai o leito i o caldo…

Xan, en fin, é un Xan compreto,
desos que a cada muller
lle conviña un polo menos.
Pero cando un busca un Xan,
casi sempre atopa un Pedro.

Pepa, a fertunada Pepa,
muller do Xan que sabemos,
mentres seu home traballa,
ela lava os pés no rego,
cátalle as pulgas ó gato,
peitea os longos cabelos,
bótalles millo ás galiñas,
marmura co irmán do crego,
mira si hai ovos no niño,
bota un ollo ós mazanceiros,
e lambe a nata do leite
e si pode bota un neto
ca comadre, que agachado
traillo embaixo do mantelo.
E cando Xan pola noite
chega cansado e famento,
ela xa o espera antre as mantas,
e ó velo entrar dille quedo:

-Por Dios, non barulles moito,
que me estou mesmo morrendo.
_¿Pois que tes, ña mulleriña?
-¿Que hei de ter? Deita eses nenos,
que esta madre roe en min
cal roe un can nun codelo,
i ó cabo ha de dar comigo
nos terrós do simiterio…
-Pois, ña Pepa, toma un trago
de resolio que aquí teño,
e durme, ña mulleriña,
mentres os meniños deito.

De bágoas se enchen os ollos
de Xan ó ver tales feitos;
mas non temás, que antre mil
n'hai máis que un anxo antre os demos,
n´hai máis que un atormentado
antre mil que dan tormentos.

Follas novas

24

Eu cantar, cantar, cantei,
a grasia non era moita
que nunca (delo me pesa)
fun eu meniña grasiosa.
Cantei como mal sabía
dándolle reviravoltas,
cal fan aqués que non saben
direitamente unha cousa.
Pero dempois paseniño,
i un pouco máis alto agora,
fun botando as miñas cántigas
como quen non quer a cousa.
Non me espriquei cal quixera
pois son de espricansa pouca;
si grasia en cantar non teño
o amor da patria me afoga.
Eu cantar, cantar, cantei,
a grasia non era moita.
¡Mais qué faser, desdichada,
si non nacín máis grasiosa!

Cantares gallegos

DÍA DA MULLER TRABALLADORA

O domingo é día 8 de marzo, Día Internacional da muller e o día 24 de febreiro foi o Día de Rosalía e pareceunos moi oportuno integrar as dúas datas polo que teñen en común. A nosa escritora foi pioneira na loita da muller, unha rebelde ante unha inxusta e asfixiante realidade, unha transgresora que se valeu da ironía nuns casos ou da palabra directa para denunciar a situación que tiña que sufrir como muller. Foi muller e escritora e como ela dixo tan ben en Las literatas non era doado. Ela como moitas outras ergueron bandeiras nunha loita que continúa. Porque

HAI MOITAS RAZÓNS PARA SER FEMINISTAS NO SÉCULO XXI.

- *Porque queremos un mundo de paz e xustiza no que a dignidade humana sexa respectada.*
- *Porque pedimos que homes e mulleres sexan iguais en dignidade, iguais en dereitos e que estes sexan aplicados.*
- *Porque os 2/3 dos analfabetos do mundo son mulleres e nenas .*
- *Porque o 99 % das terras cultivadas do mundo pertencen aos homes, mentres que as mulleres producen o 77% do cultivo de alimentos básicos.*
- *Porque o 84 % dos parlamentarios do mundo son homes, mentres que as mulleres son máis da metade do electorado.*
- *Porque a publicidade representa con demasiada frecuencia de maneira degradante ás mulleres, así como as relacións entre homes e mulleres.*
- *Porque no mundo, cada ano, a dous millóns de nenas élles practicada a ablación e seguen sumando aos cen millóns de mulleres mutiladas xenitalmente.*
- *Porque a vontade política e o traballo feminista van producindo cambios de mentalidade en moitos países.*
- *Porque somos solidarios/as das mulleres e nenas que, en calquera lugar son maltratadas, humilladas, explotadas, insultadas, agredidas, violadas.*
- *Porque "o feminismo nunca matou a ninguén, mentres que o machismo mata todos os días" (Benoîte Groult).*
- *Porque … (engade a túa propia razón). Hai moitas máis.*

TEXTOS NAS VOCES DE:

Estefanía Ferreiro Presedo
Alejandro Cortés López
Rocío García Fidalgo
Paula López Taín
Jessica Maroño Crespo
Triana Martín Antezana
Alba Míguez Presedo
Alejandro Rodríguez Naveira
Desirée Rodríguez Manso
Alejandro Rodríguez Trujillo
Ada Meritxell Álvarez Vilariño
Noelia Diéguez Viana
Amanda González Sánchez
Yuli Andrea González Moreno
Nerea Maroño Crespo
Sonia Martínez Rilo
Estela Moscoso Camoiras
Violeta Rivas Seijo
Belén Rojas
Brais Vázquez Barreiro

ROSALÍA – MULLER TRABALLADORA

4º ANO CON ROSALÍA

MARTES, 10 DE MARZO, NA BIBLIOTECA

HORARIO E CURSOS ASISTENTES:

ÁS 11:45

- ***3º A e 3º B da ESO***

ÁS 16:20

- ***1º Bacharelato tecnolóxico***
- ***1º Bacharelato de Ciencias Sociais***
- ***1º A e 1º B da ESO***

Organiza: Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
IES AS MARIÑAS-BETANZOS

PRESENTACIÓN

Bo día a todas e a todos. Un ano máis, é xa é o cuarto, As Mariñas ten o privilexio de contar coa presenza da escritora máis emblemática da nosa literatura: Rosalía de Castro.

Pero o domingo foi o Día da Muller, o 8 de marzo, unha data que debemos ter presente, non nun día senón en todos. Certo é que Rosalía abriu camiño, rebelouse ante unha realidade asfixiante, alzou a voz ante a situación inxusta á que como muller se vía abocada. Outras retomaron o facho por ela prendido, porque se adiantou ao seu tempo e expresouse con voz propia.

Andouse moito camiño desde aquel entón, pero aínda queda moito por andar e agora é a nosa quenda. Hoxe lembrando as palabras dela, non deixándoas no silencio.
Ela está aquí, e pedímosvos que apaguedes móbiles e gardedes silencio para oírmola e para actualizar nas nosas voces a palabra dela.